

**ACTA DE APERTURA DO SOBRE C DENOMINADO "CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA. PROPOSICIÓN ECONÓMICA" DO SERVIZO DE PSICOMOTRICIDADE EDUCATIVA E PREVENTIVA DO CONCELLO DE AMES.**

Na Casa Consistorial de Ames sendo as 10:00 horas do día 2 de xuño de 2017, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do **DO SERVIZO DE PSICOMOTRICIDADE EDUCATIVA E PREVENTIVA DO CONCELLO DE AMES CON MOTIVO DA APERTURA DO SOBRE C DENOMINADO "CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA. PROPOSICIÓN ECONÓMICA"**.

**ASISTENTES:**

**PRESIDENTE:** David Santomil Mosquera, Concelleiro delegado de Educación e Cultura do Concello de Ames.

**VOGAIS:**

- Rosa Ana Prada Queipo, secretaria municipal do Concello de Ames.
- M. Carmen Castro Doldan, Interventora accidental do Concello de Ames.
- Rogelio Pardo Martínez, Xefe do Servizo de Contratación do Concello de Ames.

**SECRETARIA:** María Isabel Quintáns Rios, Aux. Administrativo do departamento de Contratación do Concello de Ames.

**Asisten:**

Alexandra Carballo Fariña, DNI 77.418.172 B en representación de Osventos Innovación en Servizos SL. E Milagros Lorenzo Méndez, DNI 34.951.861 A en representación de Medrando Xuntos S.C.P.

Previa lectura dos preceptos legais e demais particulares do expediente, a secretaria por indicación do presidente da mesa, procede a dar lectura da puntuación outorgada pola técnica do departamento de Educación M. Carmen Reboledo Grobas no apartado relativo aos criterios que dependen dun xuízo de valor (documentación do sobre B) e que foi realizada con anterioridade a este acto de apertura, cuxo informe se incorpora como anexo á presente acta.

A devandita valoración (puntuada cun máximo de 50 puntos) acadou o seguinte resultado:

Empresa	Fundamentación	Obxectivos	Metodoloxía	Coor. Co Dpto.	Avaliación	TOTAL
ATLANTIC - PONTE 2000, SLU	2	3	5	3	3	16
FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES (FESAN)	3	8	10	4	4+1 accidentes	30
MEDRANDO XUNTOS S.C.P.	7	10	14	10	8	49
OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS SL.	1	2	7	1	3	14

O orzamento máximo de licitación para estes traballos establece no **prezo/sesión/alumno, máximo en 4,50 Euros (exento IVE).**

A continuación procedese a apertura dos "sobres C", denominados "Criterios avaliados de forma automática. Proposición económica", que conteñen a documentación correspondente aos criterios avaliados mediante aplicación dunha fórmula, obténdose o seguinte resultado:

Empresa	Prezo/hora sesión alumno	€/sesión alumno
ATLANTIC – PONTE 2000, SLU	3,90 €	3,90 €
FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES (FESAN)	3,67 €	3,67 €
MEDRANDO XUNTOS S.C.P.	4,50 €	4,50 €
OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS SL.	3,12 €	3,12 €

A continuación procedese ao cálculo da puntuación correspondente a documentación do Sobre C denominados "Criterios avaliados de forma automática. Proposición económica" obténdose o seguinte resultado:

Prezo/sesión alumno	50 puntos		
<b>Orzamento máximo de licitación: 4,50 €</b>			
EMPRESA	Prezo/sesión/alumno	% baixa	Puntuación
ATLANTIC – PONTE 2000, SLU	3,90 €	13,33	<b>21,73</b>
FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES (FESAN)	3,67 €	18,44	<b>30,06</b>
MEDRANDO XUNTOS S.C.P.	4,50 €	0	<b>0,00</b>
OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS SL.	3,12 €	30,67	<b>50,00</b>

A continuación, a mesa de contratación de acordo co establecido no artigo 151 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público, e do artigo 83 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos do Sector Público, procede a elaborar a proposta da clasificación dos licitadores por orde decrecente de puntuación, resultando o seguinte:

EMPRESA	PUNTUACIÓN REFERENCIAS TÉCNICAS	PUNTUACIÓN OFERTA ECONOMICA	PUNTUACIÓN TOTAL
OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS SL	14,00	50,00	64,00
FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES (FESAN)	30,00	30,06	60,06
MEDRANDO XUNTOS S.C.P.	49,00	0,00	49,00
ATLANTIC – PONTE 2000, SLU	16,00	21,73	37,73

A vista das puntuacións obtidas, a mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

Trasladar ao órgano de contratación a clasificación de licitadores por orden decrecente de puntuación e propoñer a adxudicación da realización do servizo denominado "Servizo de Psicomotricidade Educativa e Preventiva do Concello de Ames" á

empresa **OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS SL.**, con CIF B-70493275 nos prezos seguintes:

<b>Prezo/sesión alumno</b>	<b>3,12 €</b>
----------------------------	---------------

Asi como no resto das condicións establécidas no prego e na oferta presentada pola empresa licitadora.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor presidente deu por rematado o acto, sendo as dez horas e trinta minutos do que se expide a presente acta, que en proba de conformidade, asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretaria das mesa, certifico.



